

CIRCULAR INFORMATIVA PARA ALUMNADO DE 2º ESO

Estimado pai/nai ou titor/a legal:

Como xa saberá, no vindeiro curso implántanse os cambios establecidos na LOMCE nos niveis 1º e 3º de ESO, e 1º de Bacharelato. Dado que o seu fillo/a está cursando 2º de ESO, queremos explicarlle algunhas cuestións que terá que ter en conta á hora de matriculalo en 3º de ESO.

As materias de opción que cursará en 3º son as seguintes:

Nas ensinanzas relixiosas deberá elixir entre:

- Relixión católica
- Valores éticos

Como materia optativa deberá elixir entre:

- Francés
- Cultura clásica

Con respecto ás Matemáticas deberá elixir entre:

- Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas
- Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas

Cos cambios introducidos pola LOMCE, o alumnado deberá aprobar unha avaliación final en 4º de ESO para acadar o título. Esta avaliación poderase facer por dúas opcións:

- Opción de *ensinanzas académicas*: o título acadado por esta opción permite cursar posteriormente Bacharelato.
- Opción de *ensinanzas aplicadas*: o título acadado por esta opción permite cursar posteriormente Formación Profesional.

Polo tanto, en 3º de ESO, a elección das matemáticas condiciona xa estas dúas opcións, aínda que en todo caso non é vinculante.

Dende este centro recomendamos que se escollan as *Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas*, agás que xa neste momento se teña claro que non se vai cursar Bacharelato. Doutro xeito estaría limitando as posibilidades futuras do seu fillo/a.

Libros de texto

Tendo en conta que en 3º de ESO cambia o currículo das materias, e seguindo a normativa vixente sobre bancos de libros, este ano non haberá intercambio de libros de 3º de ESO.

En todo caso, poderanse solicitar axudas económicas para a adquisición dos novos libros de texto. Entregarase a solicitude na Secretaría do centro entre o 25 de xuño e o 27 de xullo. Pode acceder á información a través do sitio web do centro.

Para obter esta axuda **é imprescindible devolver os libros mercados a principios deste curso a través do cheque**. Esta devolución farase no momento da entrega das notas finais. Ese día, o alumno/a deberá traer todos os libros que mercara co cheque. Á vista das notas, se lle recollerán nese momento os das materias que teña aprobadas. Poderá levar a casa os das materias suspensas, que serán devoltos o día de entrega de notas en setembro.


No caso de que prevexa que o su fillo/a vai repetir curso, para poder recibir libros do fondo solidario (que si que se levará a cabo en 2º de ESO) cómpre entregar a solicitude na Secretaría do centro ata o 30 de xuño. Para recibilos é tamén imprescindible devolver os libros mercados a través do cheque a principios deste curso.

Asemade, o alumno/a poderá entregar voluntariamente outros libros non adquiridos a través do cheque. Estes libros pasarán a engrosar o fondo solidario do centro e serán entregados xunto cos demais.

Matrícula

Recordámoslle que o período de matrícula é do 25 de xuño ao 10 de xullo, ambos os dous incluídos.

O Director,



Asdo.: Íñigo Barreiro García



A Orientadora,

Asdo.: Patricia Arias Muñoz